

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, A ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS DE OURENSE E O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUN POLÍGONO VIRTUAL

R E U N I D O S

Dunha parte, Fernando Guldrís Iglesias, no nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con NIF Q6550010J e domicilio social en Edificio Igape, Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral e con facultades para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Doutra parte, Nuria Iglesias Blanco, no nome e representación da Asociación de Xóvenes Empresarios de Ourense (en diante, AJE Ourense), con NIF G32411118 e domicilio social en Praza das Damas 1, 32004 Ourense, na súa calidade de presidenta e con facultades este acto en virtude dos artigos 19 e 23 dos vixentes estatutos de AJE Ourense.

Doutra parte, Patricia Argerey Vilar, no nome e representación do Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. (en diante, Tecnópole), con NIF A32150088 e domicilio social en Avda. Edificio CEI, Parque Tecnolóxico de Galicia, 32900 San Cibrao das Viñas (Ourense), na súa calidade de vicepresidenta e conselleira delegada con facultades para este acto en virtude dos poderes outorgados polo Consello de Administración de data 22 de xaneiro de 2013, elevados a público ante o notario de Ourense D. Daniel Balboa Fernández segundo a escritura notarial de data 5 de marzo de 2013 en número 368 do seu protocolo, polo que se delega no conselleiro delegado, para o seu exercicio, tódalas facultades propias do Consello de Administración, a excepción feita das indelegables.

Recoñécense reciprocamente competencia xurídica suficiente para subscribir o presente convenio e polo tanto,

M A N I F E S T A N

- I. Que o Igape é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia con natureza xurídica de ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios. Entre os seus obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas e facilitar servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das empresas e a mellora do sistema produtivo galego. Asemade, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece que o Igape terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.
- II. Que AJE Ourense é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter multisectorial, constituída o 7 de abril de 2010. Integra ao colectivo de empresarios ourensáns ata os 41 anos de idade de todos os sectores de actividade, e defende os intereses dos novos empresarios e emprendedores da provincia.



Os fins de AJE Ourense son:

- Representar, defender e promocionar os intereses xerais e comúns dos seus membros (económicos, sociais, profesionais e culturais) ante toda clase de persoas e entidades, públicas ou privadas.
 - Programar as accións necesarias para conseguir melloras sociais aos seus emprendedores e novos empresarios.
 - Captar, fomentar, promover e desenvolver vocacións empresariais entre os mozos.
 - Fomentar, axudar, desenvolver e apoiar proxectos empresariais.
 - Impulsar a igualdade de oportunidades no mundo empresarial entre ambos os sexos e fomentar a creación de empresas por parte da muller.
 - Servir de canle de comunicación entre empresas co fin de crear redes de mercado propias.
 - Proporcionar aos seus asociados os servizos de formación, asesoramento, información e instalacións.
 - Establecer e prestar os servizos de interese común ou específicos que requiran os seus membros, fomentando a solidariedade entre eles.
- III. Que Tecnópole é a entidade responsable de xestionar un conxunto de infraestruturas, espazos, recursos, capacidades e servizos destinados a empresas, emprendedores e proxectos que utilizan como ferramentas de crecemento a innovación e o coñecemento. Creada como sociedade anónima con capital maioritario da Xunta de Galicia no ano 1992, o seu obxectivo principal é crear unha contorna de referencia en Galicia dirixida a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais de marcado carácter innovador e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixos da súa actividade.
- IV. Que se estima que a dixitalización aumenta entre un 15% e un 20% a competitividade de autónomos e pemes, que a aparición da Covid-19 puxo de manifesto a urxente necesidade de dixitalización das empresas, e que autónomos e micropemes especialmente carecen de dimensión, recursos e coñecementos abondo para a implantación de servizos dixitais de seu

Dada a converxencia entre os seus obxectivos e fins, ambas as súas partes están interesadas en asinar o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

C L A Ú S U L A S

1. OBXECTO

Constitúe o obxecto xeral deste convenio a colaboración para a posta en marcha, como proxecto piloto, dun polígono virtual, entendendo como tal un conxunto de servizos dixitais para a xestión e a relación con clientes e provedores das PEME galegas, acompañados de servizos *on line* de asesoramento profesional no ámbito legal e administrativo. Os servizos e a súa descrición detállanse no anexo I.

O proxecto polígono virtual xorde para dar resposta a unha necesidade latente no sector empresarial galego, a falta de dixitalización nas empresas. A necesidade de adaptarse e construír empresas dixitalmente competitivas acelerouse nos últimos anos; non obstante, moitas pequenas e medianas empresas, así como os autónomos da comunidade, teñen dificultades loxísticas e económicas que lles impiden adaptarse a este novo reto.

O polígono virtual pretende ser unha solución completa que dea resposta a estas necesidades á par que xere unha comunidade empresarial referente na comunidade galega.



2. PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO POLÍGONO VIRTUAL

AJE Ourense encargarse da difusión do proxecto e da súa promoción entre as empresas galegas, e xestionará a prestación dos servizos dixitais ás empresas a través dunha plataforma, que contratará cunha empresa externa. A prestación dos servizos *on line* de asesoramento profesional no ámbito legal e administrativo realizarase con persoal propio de AJE Ourense, que estará ubicado fisicamente en instalacións de Tecnópole. Tamén AJE Ourense farase cargo da contratación do servizo técnico necesario para dar soporte ás empresas inscritas no polígono virtual nos procesos de implantación e uso dos servizos. Ademais AJE Ourense organizará xornadas e sesións formativas ao longo de toda a duración do convenio, que aporten ás empresas do polígono virtual o coñecemento e competencias necesarias para desenvolverse dixitalmente e favoreza o seu crecemento e fortalecemento.

3. ORZAMENTO DO PROXECTO E GASTOS ATENDIBLES

Para a posta en marcha dos servizos do polígono virtual estímase necesario realizar un total de 175.220 euros de gastos nos seguintes conceptos:

	2022	2023	2024 (6 meses)	TOTAL	Orzamento IGAPE	Orzamento AJE	Orzamento PTG
1. Mantemento anual web do proxecto	600,00	600,00	300,00	1.500,00	1.500,00		
2. Mantemento anual das aplicacións do proxecto	3.000,00	3.000,00	1.500,00	7.500,00	7.500,00		
3. Persoal técnico (xurídico/laboral, administrativo, comercial)	21.350,00	40.500,00	20.250,00	82.100,00	82.100,00		
4. Servizo técnico de telecomunicacións	6.000,00	12.000,00	6.000,00	24.000,00	24.000,00		
5. Dedicación parcial do persoal propio contratado AJE	10.920,00	7.800,00	7.800,00	26.520,00		26.520,00	
6. Aluguer e mantemento local	12.000,00	12.000,00	6.000,00	30.000,00			30.000,00
7. Salón de actos e aulas de formación	1.200,00	1.600,00	800,00	3.600,00			3.600,00
Totais	55.070,00	77.500,00	42.650,00	175.220,00	115.100,00	26.520,00	33.600,00
% Distribución do orzamento total					66%	15%	19%

a) Serán atendibles os gastos de contratacións externas e os de persoal propio de AJE Ourense directamente relacionados coa realización das actividades e programas obxecto do convenio agás o do persoal propio administrativo con dedicación parcial (punto 5 do cadro de orzamento). Terán a consideración de gastos de persoal o salario base, as cotizacións á Seguridade Social, as achegas a plans de pensións e outras prestacións en favor dos traballadores que sexan obrigatorias en virtude de lei ou convenio ou habituais atendendo aos usos do sector e sempre que non sexan recuperables, excluindo calquera outro gasto.

A execución das actividades previstas neste convenio non xerará, en ningún caso, obrigas de tipo laboral entre o Igape ou Tecnópole e o persoal contratado por AJE Ourense para a súa realización.

b) Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 30 de xuño de 2024.

c) Será obrigatorio presentar 3 orzamentos previos para todos aqueles gastos de importe igual ou superior a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non escoller o máis económico. Estas ofertas deben atender o ao artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, respecto da prohibición de presentar ofertas de empresas vinculadas.

d) No caso de que AJE Ourense subcontrate en máis do 20% a prestación dalgún dos servizos financiados con cargo ao orzamento desde convenio e dito importe sexa superior a 60.000 €, será necesario teña autorización previa de forma expresa polo IGAPE á proposta da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 7 deste convenio e que o contrato se subscriba por escrito.

e) O imposto do valor engadido (IVE) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

4. FINANCIAMENTO DO PROXECTO POLÍGONO VIRTUAL

- O Igape achegará o 100% dos custes de mantemento da web do proxecto, do mantemento das aplicacións do proxecto, do servizo soporte de asistencia técnica de telecomunicacións ás empresas na implantación e uso dos servizos e do persoal técnico nos que incorra AJE Ourense como consecuencia do desenvolvemento do polígono virtual ata un máximo de 115.100 euros e os máximos por anualidade en cada concepto establecidos na cláusula 3 (puntos 1, 2, 3 e 4 do cadro de orzamento). Esta achega supón aproximadamente o 66% do orzamento total de gastos do proxecto.

Esta achega farase con fondos propios do Igape con cargo á partida 06.A1.741A.6402 dos seus orzamentos para os anos 2022, 2023 e 2024 de acordo coa seguinte distribución anual

	2022	2023	2024
06.A1.741A.6402	30.950,00	56.100,00	28.050,00

O presente convenio tramitarase como anticipado de gasto conforme ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda de 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso a disposición ou compromiso do gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste.

- AJE porá a disposición do polígono virtual o persoal propio administrativo a tempo parcial, e as horas de dedicación necesarias para a organización e execución das actividades por parte da directiva de AJE e os seus socios. Estas actividades están definidas na cláusula quinta. Tamén farase cargo da contratación da plataforma Google Workspace e do provedor de hosting e dominio segundo as necesidades das empresas usuarias. A estimación da achega económica soportada por AJE establecida na cláusula 3 (puntos 5 e 6 do cadro de orzamento) supón aproximadamente o 15 % do orzamento total de gastos do convenio. A achega de AJE ten carácter de máximos por anualidade e concepto.

- Tecnópole porá a disposición de AJE Ourense un local das súas instalacións para ubicar as oficinas do persoal de AJE dedicado ao proxecto, o salón de actos e as salas de formación necesarias para as actividades de carácter presencial. A valoración da achega de Tecnópole establécese na cláusula 3 deste convenio (puntos 7 e 8 do cadro de orzamento) e supón aproximadamente o 19% do orzamento total de gastos do convenio. A achega de Tecnópole ten carácter de máximos por anualidade e concepto.

5. COMPROMISOS E OBRIGAS DE AJE OURENSE

a) En termos xerais, de xeito conxunto co Igape e Tecnópole, organizar, coordinar e desenvolver as actividades necesarias para a posta en marcha do polígono virtual, cos seus propios medios ou contratando os servizos e subministros necesarios para levalas a cabo.

b) AJE organizará xornadas que favorezan o desenvolvemento do tecido empresarial galego e fomenten o emprendemento, así como sesións formativas dirixidas a todos os socios do polígono virtual. Estímase a realización anual de 12 sesións que poderán ser presenciais ou virtuais. A distribución de sesións e formatos poderá variar para adaptarse ás necesidades das empresas.

c) Achegar a documentación xustificativa que acredite a realización e pago das actividades, así como declaracións das empresas participantes que, de ser o caso, sexan requiridos polo IGAPE aos efectos da correcta xustificación do desenvolvemento das actividades e programas.

d) Difundir a colaboración do Igape e Tecnópole en todo tipo de publicidade, información e material de difusión relativo ao polígono virtual, con suxeición ás normas sobre imaxe corporativa indicadas por ambas entidades.

e) Subministrará toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

f) Manter á disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin de poder realizar unha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

g) Someterse á inspección e control do Igape co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas e que permitan a xustificación administrativa e financeira das mesmas.

6. CARÁCTER DE PROXECTO PILOTO DO POLÍGONO VIRTUAL

O polígono virtual que se pon en marcha por medio deste convenio ten a consideración de proxecto piloto para probar a súa utilidade e aceptación polas empresas galegas ás que vai dirixido.

O mínimo de empresas que se estima deben subscribirse ao polígono virtual é de 300 ao final da vixencia do convenio. Establécese un mínimo inicial de 80 empresas subscritas no período dos primeiros 12 meses dende a entrada en vigor do convenio. Non chegar a ese número nese período considerarase unha causa de resolución do convenio.

Nos segundos 12 meses deberán acadarse un mínimo de 180 empresas subscritas (80+100). Non chegar a ese número nese período considerarase unha causa de resolución do convenio

7. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

AJE Ourense presentará ao Igape unha xustificación de gastos do proxecto que son obxecto de financiamento dentro dos 10 días seguintes á finalización de cada trimestre natural agás a do último trimestre de cada ano, que terá que presentarse antes do 30 de novembro, e a derradeira, que terá que presentarse o 15 de xullo de 2024 como data límite.

A xustificación componse da seguinte documentación:

1. Solicitude de cobramento.
2. Memoria de execución das actividades realizadas, resultados obtidos e as incidencias máis significativas e do cumprimento das condicións impostas neste convenio.
3. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:



- a) Relación clasificada dos gastos atendibles para cada actuación, con identificación do acredor e do documento, concepto, importe, data de emisión e data de pago.
- b) Xustificación dos gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación clasificada dos gastos. No caso de que os gastos sexan de persoal financiable que participase nas actividades obxecto deste convenio (persoal incluído no punto 3 do cadro de orzamento da cláusula 3), deberanse presentar as nóminas e os comprobantes do seu pagamento, dos ingresos a conta do IRPF e da cotización á Seguridade Social, así como un informe de dedicación deste persoal ás actividades e programas do convenio. Non obstante, os xustificantes das retencións do IRPF e das cotizacións á Seguridade Social dos derradeiros períodos do ano poderán achegarse durante o primeiro mes do ano seguinte.
- c) Xustificación dos pagamentos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- d) Relación nominal das empresas subscritas aos servizos do polígono virtual.
- e) Cando o importe do gasto atendible (agás os de persoal) sexa igual ou maior de 15.000 € + IVE, as tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.
- f) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios.
- g) Declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con AJE Ourense.
- h) No caso de incluír o IVE como custo subvencionable, certificación da exención expedida pola Agencia Tributaria ou, no caso de estar suxeita a pro rata, declaración anual de IVE do exercicio anterior (modelo 390) onde se poida comprobar a porcentaxe de pro rata aplicada.
- i) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.
- j) A documentación dos apartados a), b), c) e d) poderá ser substituída por informe de auditor de contas inscrito no ROAC
- k) Xustificación da cofinanciación: AJE Ourense xustificará a súa achega á cofinanciación con persoal propio con dedicación parcial do mesmo xeito que o establecido no punto 3.b) desta cláusula 7. Tamén xustificará os gastos asumidos pola contratación a Google Workspace mediante facturas e xustificantes de pagamento (do mesmo xeito que o establecido nos puntos 3.b) e 3.c) desta cláusula 7.
- l) Tecnópole xustificará a súa achega á cofinanciación mediante certificación na que se valore a posta a disposición dos espazos cedidos segundo a súa utilización por AJE Ourense.

En todo caso, o IGAPE resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa para acreditar a realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

8. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Establécese una comisión de seguimento que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Estará composta por dous membros por cada unha das tres institucións participantes, que poderán ir variando, en persoa e número, en función da temática para tratar en cada unha das reunións da comisión.

A comisión de seguimento reunirse a instancia de calquera das partes asinantes. O seu funcionamento axustarase ao réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

9. PUBLICIDADE

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

10. MODIFICACIÓNS

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento, e formalizarse a través da subscripción da correspondente addenda. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

11. RESOLUCIÓN

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Non acadar o obxectivo mínimo de 80 empresas suscriptoras dos servizos do polígono virtual nos 12 primeiros meses de vixencia.
- b) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todos os asinantes.



- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), Igape, AJE Ourense e Tecnópole adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación por calquera causa, os datos de carácter persoal incluídos en calquera soporte aos que tivesen tido acceso as partes deben ser destruídos.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

13. PROPIEDAD INTELECTUAL

Os resultados obtidos como consecuencia da colaboración no proxecto (en diante, resultados) serán propiedade conxunta de AJE OURENSE e o IGAPE. Na medida en que os resultados sexan susceptibles de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto Refundido da Propiedade Intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes aos resultados será de AJE OURENSE e ou IGAPE por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

14. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o IGAPE, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

15. AUTORIZACIÓNS

AJE Ourense e Tecnópole consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape e non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

16. VIXENCIA

Establécese como prazo de vixencia o 30 de decembro de 2024, sen prexuízo de que os gastos atendibles deberán estar realizados no período o comprendido entre a data de sinatura do convenio e o 30 de xuño de 2024, data na que deberán estar realizados todas as actuacións programadas ao abeiro do convenio. O convenio poderá ser prorrogado previo acordo das partes por un período máximo igual ao da súa duración inicial.

17. NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6.2, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.

En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

18. NORMATIVA APLICABLE

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscripción dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as Consellerías da Xunta de Galicia, os Organismos Autónomos ou Entes de dereito público da Administración Autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do

título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 22 de febreiro de 2022.

O Director Xeral do IGAPE,

A Presidenta de AJE Ourense,

Fernando Guldrís Iglesias

Nuria Iglesias Blanco

A Conselleira Delegada de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.,

Patricia Argerey Vilar

ANEXO I

1. SERVICIOS DE DIXITALIZACIÓN

Creación dunha plataforma dixital que visibilice as empresas usuarias do polígono virtual así como os servizos que ofrecen.

Servizo de hosting e dominio adaptados a cada un dos usuarios do polígono virtual en función das súas necesidades.

Creación dun espazo de traballo para usuarios profesionais no que dispoñan dun conxunto de solucións Cloud que permitirán mellorar a operativa das empresas membro do polígono virtual independentemente de se os seus traballadores traballan desde a oficina ou se optan polo teletraballo. Para iso, utilizarase da plataforma Google Workspace que ofrecerá os seguintes servizos en función do plan escollido:

Business Starter:

- Correo electrónico de empresa personalizado e seguro.
- Videochamadas de ata 100 participantes.
- 30Gb de almacenamento na nube por usuario.
- Controis de seguridade e xestión.
- Asistencia.

Business Standard:

- Correo electrónico de empresa personalizado e seguro.
- Videochamadas de ata 150 participantes e gravación de vídeo.
- 2 TB de almacenamento na nube por usuario.
- Controis de seguridade e xestión.
- Asistencia.

Business Plus (custo por usuario):

- Correo electrónico de empresa personalizado e seguro con descubrimento electrónico e conservación de datos.
- Videochamadas de ata 250 participantes, gravación de vídeo e rexistro de asistencia.
- 5 TB de almacenamento na nube por usuario.
- Controis de seguridade e xestión mellorados, incluídos Vault e xestión de puntos de conexión avanzada.
- Asistencia estándar.

2. DESENVOLVEMENTO E MANTEMENTO DAS APLICACIÓNS DO PROXECTO.

A posta en marcha do proxecto "Polígono Virtual" supón ademais do desenvolvemento técnico/informático inicial, o desenvolvemento dunha serie de accións que permitan o posicionamento e crecemento do citado proxecto. Entre estas accións destacan:

- Desenvolvemento da identidade corporativa da plataforma. Deseño de: o logo, a tipografía, as cores, as imaxes, o slogan e demais elementos visuais que se poidan relacionar coa personalidade da marca "Polígono Virtual".
- Deseño e produción de elementos gráficos para a execución de campañas comunicativas. Elementos de comunicación impresa tales como tarxetas, catálogos, folletos... - Rexistro da marca: rexistro da marca para protexer e conferir aos xestores do polígono virtual os dereitos exclusivos sobre a marca.
- Plan de comunicación: Estratexia de comunicación omnicanal, enfocada á satisfacción do cliente e a súa fidelización. Redes sociais, vendas online, apps...

3. SERVIZO TÉCNICO DE TELECOMUNICACIÓNS.

Dentro do proxecto "Polígono Virtual" contéplase un departamento especializado en ofrecer servizo técnico tecnolóxico. Dentro das súas funcións destacan:

- Desenvolvemento e posta en marcha das contas de Google Workspace personalizadas para cada empresa e cada usuario adheridos á plataforma.
- Verificación dos dominios mediante comprobación de DNS.
- Configuración dos hosting de clientes.
- Configuración inicial das contas de correo corporativo de cada un dos usuarios e do propio persoal do Polígono Virtual.
- Soporte técnico ofertado aos usuarios do polígono virtual.

4. SERVIZOS DE ASESORAMENTO.

Servizo de orientación e acompañamento a empresas no proceso de dixitalización a través de persoal especializado.

Servizo de xestión de trámites administrativos e legais poñendo a disposición dos usuarios do polígono virtual persoal que os guiará e asesorará no día a día, informándoos sobre trámites, financiamento, axudas públicas... e en xeral en todos os ámbitos nos que o/a empresario/a requirirá apoio recollidos nos seguintes campos:

4.1 Asesoramento legal: persoal experto (1 persoa) en cuestións de tipo legal no ámbito empresarial dispoñible de luns a venres en horario laboral para atender cuestións tales como:

- Internacionalización.
- Contratos de servizos e obras.
- Reclamacións de dereitos intelectuais.
- Contratos laborais.
- Redacción de reclamación de débedas.
- Asesoría en xestión de EREs, ERTes...

4.2 Asesoramento administrativo: persoal especializado (inicialmente 1 persoa) en dar resposta a trámites administrativos, dispoñible de luns a venres en horario laboral para atender cuestións tales como:

- Información e tramitación de subvencións e axudas.
- Consultoría financeira.
- Asesoramento fiscal.
- Asesoramento laboral.
- Información á hora de presentación dos diferentes modelos de impostos nacionais, autonómicos e locais.

4.3 Asesoramento tecnolóxico: persoal cualificado (1 persoa) con coñecementos técnicos disposto a asesorar en cuestións tecnolóxicas dispoñible de luns a venres en horario laboral para atender cuestións tales como:

- Asesoramento en dixitalización de empresas.
- Comunicación de novidades tecnolóxicas de interese.
- Orientación da promoción de venda online no ámbito de servizos e/ou produtos.
- Orientación en configuración de redes.
- Asesoramento en plataformas de pagos automatizados.
- Asesoramento en integración de plataformas de facturación.

5. COMUNIDADE.

O proxecto "Polígono Virtual" pretende ademais de ofrecer servizos dixitais e de asesoramento empresarial, fomentar a captación de novas empresas que poidan ter a súa domiciliación no Parque Tecnolóxico de Galicia poñendo en valor o emprendemento nun concello do rural ourensán. Para iso concíbese o polígono virtual como un espazo virtual e físico que abarque o conxunto e tecido empresarial ourensán, dotándoo de ferramentas que promovan a relación entre as distintas empresas, tales como:

- Networkings que fomenten a prestación de servizos e aprovisionamento de produtos entre as empresas, promovendo transversalmente as sinerxías empresariais.
- Servizos de secretaría virtual.
- Domiciliación de empresas.
- Formacións especializadas que permitan a profesionalización e o aumento do rendemento empresarial dos membros do polígono virtual.
- Organización de diversos eventos e accións que fomenten o posicionamento das empresas do Polígono Virtual.